



ROMARÍA DE SANTO HADRIÁN DE MALPICA

NOME DO DOCUMENTO: MPG_ViMa_0007_001B_en_0_02_50_id605_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_ViMa_0007_001B_en_0_02_50_id605.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Entrevista

DATOS DA ENTREVISTA:

- **DATA DA REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 04/08/2005
- **LOCALIZACIÓN:** Malpica de Bergantiños
- **INFORMANTE:**
Nome: Gloriña “do Cadeiro”
Idade no momento da recolla: sobre 70 anos
Ocupación: xubilada
Lugar de residencia: Malpica de Bergantiños
- **RECOLLEDOR:** Manuel Vilar Álvarez
- **COMPILADOR:** Manuel Vilar Álvarez
- **COLECCIÓN:** Manuel Vilar Álvarez (ViMa)

NOTAS DA RECOLLA

Con motivo de escribir un capítulo do volume *Tempo de Festa* sobre a festa do Santo Hadrián, despraceime á localidade de Malpica de Bergantiños para entrevistar a varias persoas co obxectivo de recadar información sobre esta importante romaría do mapa festivo galego. Para contactar cos posibles informantes recorrín a amigos desta localidade, como Héctor Pose, quen me falou de Gloriña do Cadeiro. Cando unha tarde petei na porta da súa casa, estábase preparando para baixar á praia; fálamos un anaco antes de que marchara.

No 2º volume do libro *Tempo de Festa. Entre o Corpus e o mes de agosto* hai un capítulo que leva por título “Romaxes de Santo Adrián” e que está adicado a varias celebracións deste santo.



CONTEXTO ETNOGRÁFICO

A romaría de Santo Hadrián celébrase en Malpica de Bergantiños o domingo seguinte ao 16 de xuño ou neste propio día se cae en domingo. O elemento máis chamativo é o ritual de “subir o santo”, é dicir, a procesión que leva as imaxes desde a parroquial, situada na vila, até a súa capela no cabo de Santo Hadrián. A procesión ten lugar despois dunha misa que se celebra sobre as sete e media da mañá e é moi concorrida.

A imaxe de santo Hadrián é levada desde a parroquial até á súa capela, na que permanecerá só ese día até a media tarde, cando volven trasladalo á parroquial en andas por ofrecidos. Para poder portalo, os devotos poden pasar varias noites en vela co obxectivo de coller a vez facendo garda na porta da igrexa. Na procesión vai tamén a imaxe de santa Natalia. Ambas imaxes adornadas con fitas que levan da man os devotos que non portan as imaxes. Moita xente leva candeas de diversos tamaños; se non, poden mercalas no camiño nos moitos postos de venda que están instalados a tal efecto. Tamén levan exvotos de cera que, moitos deles, xa deixan na igrexa parroquial.

Cando a procesión chega á altura da fonte, preto xa do santuario, detense un anaco; uns din que para agardar pola banda de música, outros para que remate a misa que neses momentos se está celebrando no santuario. Despois bordea o adro para entrar no santuario e colocan as imaxes nuns fornelos que hai na parede do lateral norte e mirado cara fóra. Hai anos os fornelos enchíanse de exvotos de cera que o sancristán retiraba, para minutos despois volver encherse, mais nos últimos tempos colocouse unha reixa que evita que os devotos deixen alí estas ofrendas.

Á fonte a xente vai lavar as verrugas e deixar alí o pano de man.

Ao longo da mañá hai misas no santuario e ao final da mañá a misa solemne fóra. Ao rematar esta última, o crego di o nome das persoas que sufragaron a función e pregunta se hai quen quere sufragar a do próximo ano. A media tarde outra misa e, ao remate, organízase a procesión que trae de volta as imaxes á igrexa parroquial. Esta procesión é moito menos numerosa.

Agora é pouca a xente que queda a comer na zona do santuario, mais a xente maior de Malpica de Bergantiños recordan pasar alí todo o día. As comidas celebradas neste día, historicamente organizadas pola confraría e coñecidas como “pitanzas”, foron obxecto de persecución por parte das autoridades eclesiásticas que as consideraban causa de excesos.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

A LENDA

Hai unha lenda que conta que estando Santo Hadrián ao pé do mar, nun lugar que se identifica co chamado *portiño de santo Hadrián*, pisou a cabeza dunha serpe que quería cruzar para as Sisargas, quedando esta petrificada nunha rocha. Debido a este feito dise que nesas illas non hai cobras. Na baixamar podemos ver a figura da serpe na veta dunha rocha costeira, e ao seu carón outras figuras que se identifican co pé do santo e a cunca pola que bebía. Mais hai outras lecturas destas siluetas, como a que ve nelas a almofía e a toalla coas que o santo lavou a cara.

Outra versión da lenda conta que nos tempos dos romanos, unha descomunal serpe tiña o seu acubillo no monte de Beo e aterrorizaba ós veciños da comarca, obrigándolles a lle entregar cada ano unha boa cantidade de nenos acabados de nacer para o seu sustento. Ante tal situación, decidiron pedir axuda a Santo Hadrián, quen venceu ao monstro cando pretendía refuxiarse nas illas Sisargas.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA

A transcripción foi realizada polo propio compilador, Manuel Vilar Álvarez, e revisada por el mesmo e o persoal do APOI no ano 2021.

Á hora de transcribir respectouse a pronuncia da informante e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse como foron ditas.

Os fragmentos que aparecen no texto entre corchetes [] son intervencións do entrevistador na conversa.

PALABRAS CHAVE:

romaría, san/santo Hadrián, Malpica de Bergantiños, procesión, capela, crenza, serpe, misa, igrexa, sardiñada, festa, exvoto, mariñeiro, novena, ritual de virar a tella.

BIBLIOGRAFÍA

VILAR, M. e BLANCO, X.M. (2008): “Romaxes de Santo Adrián”, en *Tempos de Festa en Galicia, Tomo II. Entre o Corpus e o mes de agosto*, Fundación CaixaGalicia, pp.71-87.

FERNÁNDEZ CARRERA, X. e VILAR ÁLVAREZ, M. (2011) *Romarias da Costa da Morte*, Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:

Tanto as notas da recolla como o contexto etnográfico foron redactadas polo compilador, Manuel Vilar Álvarez.

A edición desta ficha informativa e revisión do contido é de Sara Santalla Iglesias (APOI).

TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA



Por que está San Hadrián aí?

San Hadrián aí está porque apareceu. Antiguamente díxíase que apareceran San Hadrián, a Virgen do Carmen e a Virgen dos Milagros, apareceran nunha igrexa que houbera fronte a Raso, fronte a aqueles baixos que hai. Si é verdá ou non é verdá! E resulta que apareceran. E a Virgen dos Milagros díxían que era máis bonita e díxían vamos levala pa' Malpica e a Virgen do Carmen pa' Cayón. E que daban a volta e que se poñían cada unha po' seu lado, que daban a volta e que se poñían unha pralá e outra praquí. E dixeron: é imposible levalas porque cámbianse a cada momento. [E san Hadrián ven para aquí] Non, a virgen do Carmen ven praquí e a virgen dos Milagros fui pralá e despois san Hadrián apareceu, din que varado nas pedras, e hai o peño del marcado na pedra, a palanghaniña e mais a toalliña. E diñen que apareceu aí e fixeron a romería aí, boena, acapilla aí por eso. Máis non se sabe, eso é o que hai antiguamente de papá, meus abuelos e eso. [E a palangana para que?] Pa' lavala cara. [e por que lavaba a cara?] lavaba a cara porque a auga do mar sería mui salada e collía arriba na fontíña de San Hadrián e collía dalí, e a toalliña será a que tería pa' limpar a cara. [Da palangana si, pero da toalla nunca oín falar dela] Si, a toalliña así e mailo pé. Eso baixeí unha vez solamente abaixo cando era rapaza, e efectivamente está a palanghaniña e está como se fose a toalliña, así unha cousa cuadrada, e máis o pé. [Pero os de Malpica non ides alí a ver eso] Ahora non vamos, ahora non que está mui abaixo e somos vellos e non podemos baixar aquela costa hasta alá abaixo. [Porque eu fun andando por aí un día e pregunteille á xente que vai facer *footing* e non sabía] Porque eso é a xuventú de agora [Só un rapaz me soupo dicir onde estaba] Claro, porque ó mellor ese rapás aínda baixa agora. Ten que estar a marea mui baixa, mui baixa para vela.

__E o da serpe, que pisou a serpe, como é eso? Que non hai serpes na...

Ai serpientes! Eso que non hai culebras na isla é por culpa de que San Hadrián a pisou co pé. "Daquí chegar e por aquí non pasarás", e na isla hai lagartos pero culebra non hai a primeira.

__E a festa, cando empeza?

O día de San Hadrián é o 16 de junio. [Que agora non hai nada] No, hai unha misa solamente ás once cantada [aquí na parroquia] Si, e despois o día de San Hadrián é despois do 16 o primeiro domingo despois do 16. [Eso, desde cando?] Desde que recorde fui sempre así. E bueno, despois a cantidade de xente que hai, que hai xente que xa dorme aí no atrio pa' levar os lazos e máis pa' levar ó santo, andando. [Que dormen varios días antes] Veñen dúas nites antes pa' durmir aí. [E eso foi sempre así?] No, eu creo que antes non era así porque, non sei. Había a mesma fe en san Hadrián, o que pasa é que a xente agora, a xuventú ... ou é porque aínda teñen algo de fe ou pola valentía de estar aí durmindo, non sei porque é, porque a xente de agora ten muita fe pero á misa non vai ningunha! E é verdá



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

que a xuventú non vai ningunha, que estes chavales que teñen un pouco de estudio renuncian todos da igrexa. Os que vamos somos os que non temos estudos e mais fomos criados de pequeniños con medo. [E onde dormen eses aí?] No atrio [Pero non lles deixa unha caseta o cura?] Ai bueno, non sei este, o outro non lle deixaba, dormían no atrio ... porque eu teño unha filla que vive enfrente mesmo á igrexa, na (rúa?) de Puñal, e dime que “duermen allí toda la noche sentados”, porque a miña filla vai poñer o arco que poñen pa’ salir, na porta, e hasta as catro da mañán di que están alí durmindo [Eso é o día anterior] O sábado. Bueno, e despois antes de salir o santo da igrexa xa vai a xente camiñando por culpa de que se vai ca procesión non chega, moita xente, teñen que ir uns detrás dos outros, o camiño é estreitiño, e a xente vai diante, media hora antes ou unha hora antes. E no momento da procesión iso é unha invasión de xente, moita xente! moita xente xunta, outros no camiño van de rodillas, facendo novenas de rodillas ó redor da capilla. [E fui sempre así a procesión??] Ai bueno, hai moitos anos que recordo moitísima xente, moitísima. Dicimos: aí!, este ano hai máis que o ano pasado. Porque non recordamos o do ano pasado, pero eu penso que hai moita xente tódolos anos.

— E vostede cando era moza ou rapaza iba na procesión pola mañán?

Ai non! Cando era moza non iba na procesión pola mañán porque durmíamos, porque había anos que cadraba Corpus e San Hadrián xuntos e estábamos á festa toda a noite, durmíamos astra as doce ou a unha, despois bañábamonos, comíamos e marchábamos pa’ romería pa’ vir cos mozos, o que o tiña! [Entón, non ibas na procesión?] Na procesión poucas veces (breve interrupción). Na procesión de moza algunhas veces teño ido, pero mui poucas, mui poucas. Cando non cadraba a festa con Corpus, o san Hadrián, ó mellor si, pero poucas veces teño ido, porque estaba durmindo, seguramente (breve interrupción).

— Entón, usté iba pola tarde namais

Teño ido algunhas veces pola mañán, pero máis pola tarde. Cando eramos máis rapaciñas íbamos polas mañáns porque despois viñan os pais coas comidas e comíamos alá. Si. A miña despedida de solteira fíxena en San Hadrián. [Comendo alí?] Comendo alí, me parece que eran vinte e pico ou trinta personas [Ahora nadie come alí?] Ahora vai a xuventú con sardiñas e asan, pero eu penso que non, porque ás cinco da tarde ven a procesión e xa ven pouca xente ca procesión de San Hadrián, non é tanta, antes viña máis xente. [A partir das dez e media, once, alí non quedaba nadie] Por eso, despois das misas vai marchando. Tampouco agora a Guardia Civil deixa ir os coches alá, porque xa os paran no cruce de Seaia, ten que ir andando e non van pasar todo pola vía e marchan. Pero antigamente a xente iba andando, non había medios para se desprazar hasta alí [Sempre acababa alí a festa?]. Antigamente a festa acababa cando viña a procesión, sempre. [De noite alí nunca houbo nada?] Non, quedaban os gitanos alí recollendo o que se perdía e o que roubaban, e iso. [E había sempre tanta xente?] Si, si si si, e penso que xuntaba tantos cartos antes como xunta agora o cura. Sempre. [E a xente por que se ofrece?] A cera? Pois mira, cada un ofreceralle os das aldeas que tiñan animais, cando estaban enfermos os cerdos, os galos, ofrecíanlle un galo a San Hadrián; levaban galos, e cando tiñan unha vaca enferma, unha



cuchiñau así, ofrecía e despois daba o valor desa, poxábano alí, non? E o valor que tiña pois dáballo en cartos ó cura. Eu teño axudado con sacos de cartos, no ano cincuenta e pico, paquí, sacos de cartos, eh. [Nunca vos roubaron no camiño?] Non, daquela non era como agora, había fame pero vicio non [E os de Malpica non lle ofrecíades nada?] Os de Malpica levábamos velas moi grandes, unha de catro quilos, outra de tres, outra de dous, unha veliña pequena, ó mellor un pé de cera, ó mellor o que tiña un pé mal, un pé, unha perna, un brazo, a cabeza si estaba mal da cabeza ... [Pero os mariñeiros non lle pedían, como á virxe do Carmen?] Os mariñeiros iban, ofrecían ir ó barco botando foguetes hasta alá e mais tocando a sirena. Este ano xa non creo que fora ningún, non. Pero antigamente iban os barcos hasta alí abaixo mesmo do monte [cando a procesión?] Si, hasta as Ghallas, chámanlle as Ghallas.

___ E, antes, nese monte que había, cando era rapaza iban a buscar leña?

Eu nunca fun buscar leña, iban buscar toxo pra facer estierco os que tiñan cuadra, e con algas da praia facían estierco pa' cosecha das patacas levábanse en carros e sembrábanse as patacas. Pero, non, aí nunca houbo nin pinas nin nada de nada, que non dá... [Era comunal?] No, aí cada un tiña o seu ... eu teño unha chousa no alto que oxalá me puxeran uns desos, eu chámolle eucaliptos. E cada un ten o seu terreno que viña de abuelos e bisabuelos. [Pero era un sitio a onde a maioría de xente de Malpica iban bucar o toxo?] Si, pero tamén iban por Santirso, e aí tamén iban buscar toxo, iban con carros que o camiño que había a San Hadrián era camiño de carro....que o carro empezaba a bailar e non podía pasar. [O camiño tiña que ser por Seaia?] Non, non era por Seaia, por onde está agora a pista dabaixo, por aí era o camiño, que era estreitiño de todo. Cando iba o santo iban a trompicóns, parece que iba a caer o santo porque iba ... [Pero o santo sempre iba pola praia?] Iba pola praia, pero cruzaba hasta a praia de Seaia e, despois, iba pola praia arriba, despois iba polo camiño ese, pero iba a Seaia ... despois fixeron a carretera darriba pro contrabando ...

___ Ibas a auga á fonte? A cal delas?

Íbamos con botelliñas, a de xunto a igrexa que a aquí é de Navenllos e a outra é do Santo, de San Hadrián, que lávanse as mañas e despois o pañuelo ten que deixalo alí colgado no árbol pra que pasen as verrugas. Un pañuelo de papel ou de tela e ó que seca deixao alí. [E usted lavouse algunha vez?] Oh, tódolas veces que vou, eu non vou agora o día da festa, pero calquer día facemos excursións ou vamos de merenda ou vamos facer a novena e vamos andar de rodillas ... [Pero a novena non é aquí?] A novena faina o cura, pero cada un fai a súa. Aí si, aquí no pueblo hai grupos de pandillas de personas mayores, máis xóvenes, chicas que fan novenas, no mes de maio empezan a facer novenas, hasta pasar San Hadrián. [Dentro da igrexa?] No! Camiñando, fóra e o que ten chave que lla deixa o cura faina dentro, e o que non ten chave faina fóra, alí no lateral...



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

— E os barcos cando era a navegación a vela ao pasar por alí facían algo, cambiaban a tella...?

Cando había nordeste, cambiaban a tella....si eso era cando había muito nordeste pa' que chovera cambiaban a tella. O nordeste aquí empeza e non para, é o que temos aquí, hoxe está calmo que ayer bramaba. E cambiaban a tella pa' que viñera a aghua, eso si.

— E vos cando ibades comer alí, había unha comida especial, ou cada un levaba o seu?

Levábamos tortillas, empanadas, levábamos fruta, melocotóns pa' refrescar a boca porque si está un día de muita calor... e despois levábase algunha carne cocida, cada un tiraba co zanco de polo, do xamón... levábamos de todo. Recórdome trinta e pico de personas comendo [Todos de aquí de Malpica?] Si, amistades, e había quen quedaba aquí na casa, da familia máis achegada. [Iso que era? Un Bar?] Esto era un restaurante; era untramarinos e era bar, tiña as dúas cousas, exa mixto. Todo o que había alí todo son coleccións de cousas. [De fotos]. Non, non, non, de fotos non; era colección de cine, colección de tarjetas de Navidad, hai coleccións de sellos, hai coleccións de décimos de lotería, dos nosos e internacional, hai coleccións de recortes de periódicos, dos plenos cando se pegaban uns a outros e (?) cando viñan a aquí a Malpica. E bueno, había recortes do mandato de Felipe, do mandato de Aznar, do mandato de Zapatero de agora, recortes da marcha de Fraga... [de San Hadrián non ten..?] (Córtase).



Imaxe 1: A procesión discorria pola praia de Malpica antes da construción do paseo marítimo. Ano 2005. Foto de Manuel Vilar Álvarez.



Imaxe 2: Procesión no paseo marítimo de Malpica. Ano 2015. Foto de Manuel Vilar Álvarez.



Imaxe 3: Figura da pisada e a cunca de san Hadrián. Segundo outra versión, plasmada na presente recolla, trataríase das marcas da almofía e a toalla coas que o santo lavou a cara. Foto de Manuel Vilar Álvarez.



Imaxe 4: Figura da serpe na veta da rocha. Foto de Manuel Vilar Álvarez.



Imaxe 5: Detalle da parada na fonte milagreira. Ano 2005. Foto de Manuel Vilar Álvarez.



Imaxe 6: Detalle da parada na fonte milagreira, cos panos de man pendurados nas pólas. Ano 2005. Foto de Manuel Vilar Álvarez.



Imaxe 7: A procesión avanzando cara a ermida. Ano 2015. Foto de Manuel Vilar Álvarez.



Imaxe 8: Os devotos portan a Santa Natalia ou terman das fitas. Ano 2015. Foto de Manuel Vilar Álvarez.



Imaxe 9: Devotos sostendo as fitas durante a procesión. Ano 2015. Foto de Manuel Vilar Álvarez.



Imaxe 10: Detalle da procesión. Ano 2015. Foto de Manuel Vilar Álvarez.